



# Bases para o concurso de MasterChef Junior 11 en colaboración co BBVA

Maio 2024

## DENOMINACIÓN DO CONCURSO

O concurso denominado BBVA-MASTERCHEF JUNIOR (de agora en adiante, o CONCURSO) é organizado por SHINE IBERIA, S.L.U. (de agora en diante, SHINE IBERIA), con domicilio na c/ Mira Ceti, n.º 1, 28023 Madrid e CIF B-86122769, e terá lugar nunha páxina de destino específica que se albergará no sitio web do BBVA.

## NORMAS APLICABLES AO CONCURSO

O concurso réxese polas presentes regras particulares accesibles no enderezo <https://www.bbva.es>.

O simple feito de participar, por calquera dos medios contemplados nestas regras, implica a aceptación incondicional delas.

SHINE IBERIA resérvase o dereito a expulsar do concurso calquera concursante que non cumpra coas bases legais en calquera momento do proceso ou do CONCURSO.

## OBXECTO DO CONCURSO

O CONCURSO ten a finalidade de conceder **tres pases directos ao casting presencial do programa MasterChef Junior 11 e dez prazas gratuítas nos Campamentos MasterChef, para aproveitar durante o ano en curso.**

## DURACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN DO CONCURSO

O procedemento para a resolución do CONCURSO terá lugar desde o 3 de xuño de 2024 ata o 30 de xuño de 2024.

## MECÁNICA DO CONCURSO

Os participantes no concurso terán que replicar unha das tres receitas aloxadas na app MasterChef World e os seus representantes legais subiranan en formato foto aos seus propios perfís da rede social Instagram coa etiqueta (hashtag) **#BBVAyMCJunior e a mención a @bbva\_españa e @masterchef\_es.**

O concurso desenvolverase mediante unha *landing page* albergada no sitio web oficial do BBVA, onde o representante legal de cada participante terá que completar un formulario e aceptar as bases para acceder ao concurso. O formulario solicitará un teléfono de contacto, o enderezo electrónico do representante legal do neno, así como o nome e dous apelidos dos pais e/ou de quen ostente a patria potestade e/ou a representación legal e o perfil da rede social Instagram coa foto da receita replicada [onde tamén se nomearán os perfís do BBVA e MasterChef mediante a etiqueta (hashtag) #BBVAyMCJunior].

A selección dos gañadores do CONCURSO correrá a cargo do equipo de casting de SHINE IBERIA, así como dos responsables da Dirección Comercial de SHINE IBERIA.

No caso dos pases directos ao *casting* presencial, SHINE IBERIA porase en contacto cos gañadores e comunicaralles o procedemento para presentarse ao casting presencial. Canto á selección última dos nenos que participarán no programa de televisión, os gañadores dos tres pases directos ao *casting* presencial da tempada a través do CONCURSO non se beneficiarán de ningunha outra vantaxe con respecto aos nenos que chegasen ao mesmo casting presencial polo procedemento habitual.

No caso dos Campamentos MasterChef, cada gañador recibirá un código co 100% de desconto para trocalo por unha praza dunha semana de duración nun dos campamentos dispoñibles na data do troco (o premio non inclúe o transporte do gañador e/ou dos seus familiares ata ou desde o lugar de celebración do campamento).

## CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

### 1. Para o concurso dos tres pases directos ao casting presencial:

Poderá participar calquera persoa física de entre 8 e 12 anos (só se atenderán as solicitudes dos nenos que teñan feitos oito anos antes do 1 de setembro de 2024 e os que non teñan trece anos antes do 15 de outubro de 2024). É requisito esencial para tal participación que eses menores dispoñan da autorización dos seus proxenitores ou titores ou, se é o caso, de quen ostente a patria potestade ou representación legal. Serán eses maiores os que subscriban as autorizacións correspondentes para tal participación e ateranse expresamente en nome dos menores ao contido destas regras de participación.

Os candidatos (menores de idade) deberán residir legalmente no territorio español e posuír DNI ou pasaporte vixente en caso de seren españois, ou NIE e permiso de residencia vixente (durante e ata a finalización do CONCURSO) en caso de seren estranxeiros.

Non poderán participar os menores cuxos proxenitores/titores ou persoas que garden a patria potestade interviñesen na realización do CONCURSO. Tampouco os menores cuxos proxenitores/titores ou persoas que garden a patria potestade ou representación legal sexan empregados de SHINE IBERIA ou do BBVA, ou das empresas provedoras de servizos, ou outras persoas que teñan relación, xa sexa directa ou indirecta, coa organización do CONCURSO e os seus familiares ata o segundo grao por afinidade ou consanguinidade. Poderase invalidar calquera participación dos menores que fose asistida por quen teña prohibida explicitamente a súa participación e que se encontre nunha das circunstancias de filiación referidas aquí.

SHINE IBERIA, en prol de salvagardar a igualdade de oportunidades entre os concursantes, resérvase o dereito a rexeitar calquera menor (aspirante/concursante) que non cumpra cos requisitos establecidos ou cuxa participación supoña unha vantaxe desproporcionada ou claro desequilibrio fronte ao resto.

### 1.1 Cesión de dereitos respecto á participación no casting presencial:

Os proxenitores/titores e quen, se é o caso, garde a patria potestade e representación legal sobre os menores (participantes e/ou concursantes) outorgan mediante a aceptación destas bases o seu consentimento expreso para que a CANLE que finalmente emita o PROGRAMA —MasterChef Junior 11—, é dicir, a CORPORACIÓN DE RADIO Y TELEVISIÓN ESPAÑOLA, S.A., S.M.E., e SHINE IBERIA, indistintamente, en relación co menor, poidan utilizar a súa imaxe, nome e/ou voz (tal e como fose gravada no marco do PROGRAMA). Por conseguinte, SHINE IBERIA e a CANLE disporán de plenas facultades, por si ou mediante a cesión a un terceiro, para a súa emisión, quer total, quer parcial, sen limitación temporal ou territorial. De acordo con isto, o/a participante concede permiso ou autorización expresa e incondicional para a reprodución e comunicación pública, incluída a posta a disposición de todas as gravacións que se efectúen, así como para a utilización e reprodución do nome e imaxe e para a emisión das imaxes que se graven, que poderían ser accesibles ao público a través de Internet e/ou de calquera plataforma de televisión analóxica, dixital, por cable ou satélite, gratuíta ou de pagamento por visión; a produción de calquera tipo de merchandaxe/ou produto derivado.

Con esta finalidade, os proxenitores/titores, na representación que ostentan, subscribirán todos os documentos que sexan necesarios para regular a cesión de dereitos aquí referida, así como outros requisitos e os demais aspectos da referida participación.

## **Para o concurso das dez prazas gratuítas nos Campamentos MasterChef:**

Poderá participar calquera persoa física de entre 8 e 17 anos (só se atenderán as solicitudes dos nenos que teñan feitos oito anos antes do 1 de setembro de 2024 e os que non fixesen dezasete antes do 15 de outubro de 2024). É requisito esencial para tal participación que eses menores dispoñan da autorización dos seus proxenitores ou titores ou, se é o caso, de quen ostente a patria potestade ou representación legal. Serán eses maiores os que subscriban as autorizacións correspondentes para tal participación e ateranse expresamente en nome dos menores ao contido destas regras de participación.

Os candidatos (menores de idade) deberán residir legalmente no territorio español e posuír DNI ou pasaporte vixente en caso de seren españois, ou NIE e permiso de residencia vixente (durante e ata a finalización do CONCURSO) en caso de seren estranxeiros.

Non poderán participar os menores cuxos proxenitores/titores ou persoas que garden a patria potestade interviñesen na realización do CONCURSO. Tampouco os menores cuxos proxenitores/titores ou persoas que garden a patria potestade ou representación legal sexan empregados de SHINE IBERIA ou do BBVA, ou das empresas provedoras de servizos, ou outras persoas que teñan relación, xa sexa directa ou indirecta, coa organización do CONCURSO e os seus familiares ata o segundo grao por afinidade ou consanguinidade. Poderase invalidar calquera participación dos menores que fose asistida por quen teña prohibida explicitamente a súa participación e que se encontre nunha das circunstancias de filiación referidas aquí.

SHINE IBERIA, en prol de salvagardar a igualdade de oportunidades entre os concursantes, resérvase o dereito a rexeitar calquera menor (aspirante/concursante) que non cumpra cos requisitos establecidos ou cuxa participación supoña unha vantaxe desproporcionada ou claro desequilibrio fronte ao resto.

A xestión dos datos persoais dos participantes e dos seus representantes legais por parte de SHINE IBERIA e do BBVA rexerá polo disposto na cláusula de "Protección de datos" exposta máis abaixo.

## **TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do disposto no Regulamento UE 2016/679 xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, SHINE IBERIA, S.L.U. informa os participantes no casting e os seus representantes legais do tratamento dos seus datos persoais e de que SHINE IBERIA, S.L.U. é o responsable dos datos persoais recompilados con motivo do casting realizado.

**Finalidade 1:** Xestión da súa participación no CONCURSO mediante a xestión do formulario.

SHINE IBERIA actuará en calidade de responsable do tratamento respecto á información que se obteña mediante o formulario.

O BBVA terá acceso aos datos de identificación que se obteñan mediante o formulario habilitado no sitio web titularidade do BBVA para inscribirse no concurso en calidade de "encargado de tratamento" sen que poida utilizar eses datos para outros fins propios e/ou diferentes dos expostos nas presentes bases e para prestar a colaboración a SHINE IBERIA.

Base de lexitimación: A base xurídica que lexitima este tratamento é a execución contractual ao aceptar as presentes bases (artigo 6.1.b).

Destinatarios: Ademais, se o representante do menor o consente expresamente no recadro específico do formulario habilitado para ese fin, SHINE IBERIA comunicará ao BBVA os datos do referido representante (nome, teléfono e enderezo electrónico) co fin de que o BBVA lle envíe comunicacións sobre produtos financeiros e promocións dirixidas a menores por medios electrónicos. O BBVA informará/a debidamente do tratamento dos seus datos persoais de conformidade coas esixencias do artigo 14 RXPD e non tratará datos dos menores. Non se comunicarán outros datos que non sexan os imprescindibles para que o BBVA contacte cos representantes legais dos anteditos participantes. Unha vez facilitados eses datos ao BBVA, este será un novo "responsable de tratamento" que se dirixirá aos participantes que consentisen nos termos indicados.

**Finalidade 2:** Participación no casting e a súa utilización no desenvolvemento dos procesos de selección e execución do CONCURSO, ou as actividades posteriores consecuencia deste no caso de resultar elixido como concursante.

**Categorías de datos:** Ao tratarse dun casting dun talent show televisivo relacionado co mundo da cociña, solicítanse datos de identificación, gustos, intereses, afeccións e outra información que permita seleccionar os participantes.

Ao tratarse dun casting infantil, os consentimentos e autorizacións serán prestados polos pais/nais/titores/representantes legais dos participantes.

Polo tipo de PROGRAMA ao que aspira a participar, poderían ser revelados pola súa parte datos sobre ideoloxía, relixión ou crenzas, datos que vostede non está obrigado a comunicar e que SHINE IBERIA non recolle expresamente, pero que, se voluntariamente comunica a SHINE IBERIA, poderán ser obxecto de tratamento, ao que vostede presta o seu pleno e explícito consentimento. A respecto disto e como lle indicamos no apartado "Dereitos", sempre poderá revogar o seu consentimento sobre calquera dato que voluntariamente facilite. Tamén o/a informamos de que no proceso de selección podemos interesarnos pola actividade que desenvolve nos perfís de redes sociais que lle pedimos que nos facilite e que igualmente poderá facilitar con carácter voluntario.

No caso de que facilite a SHINE IBERIA datos persoais de terceiras persoas (familiares, parella, amigos etc.), mediante a sinatura deste documento, vostede garante que informou estas persoas previamente disto e que está autorizado para facelo, nas mesmas condicións e para as mesmas finalidades previstas no presente documento.

**Base de lexitimación:** A base xurídica que lexitima este tratamento é o seu consentimento explícito para a súa participación (artigo 6.1.a RXP) e a revelación de datos que non son necesarios nin se esixen para a súa participación, como poden ser datos sensibles (art. 9.1.a), a execución contractual ao aceptar as presentes bases (artigo 6.1.b), así como o interese lexítimo de SHINE IBERIA para desenvolver o obxecto da súa actividade, que é a produción de programas (art. 6.1.f).

**Destinatarios:** O destinatario dos datos é a propia empresa SHINE IBERIA. Tamén lle comunicamos que os datos recollidos poderán comunicarse á CORPORACIÓN DE RADIO Y TELEVISIÓN ESPAÑOLA, SOCIEDAD ANÓNIMA, S.M.E. (a CANLE), coas mesmas finalidades referidas anteriormente. No mesmo contexto da realización do casting para a produción, os seus datos poderían ser comunicados á nosa compañía aseguradora.

Igualmente, os datos poderán ser accesibles ás empresas proveedoras de servizos necesarios para organizar e poder levar a cabo a loxística do casting e o PROGRAMA (encargados de tratamento) cos que temos asinados os correspondentes acordos. O casting realízase a través da plataforma Short Audition, que reúne as garantías de seguridade necesarias e que está localizada en Israel, país que conta cunha decisión de adecuación da Comisión Europea no que a datos persoais se refire.

Non se prevén transferencias internacionais de datos a países que carezan de garantías adecuadas de seguridade e privacidade de acordo coa normativa vixente.

**Conservación:** Estes tratamentos terán a duración necesaria ata a finalización do proceso de casting, ou no caso de que vostede marcasse o recadro que permite conservar os seus datos persoais para outras edicións do mesmo programa, conservaranse os seus datos persoais mentres vostede non solicite a cancelación destes e, en todo caso, durante o prazo máximo de 5 anos. Se é escollido concursante, os seus datos serán conservados durante o tempo que sexa necesario para a xestión da súa relación con SHINE IBERIA e todo o tempo posterior que sexa preciso para cumprir coas obrigas legais, fiscais ou administrativas que sexan necesarias.

**Dereitos:** Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e, se é o caso, portabilidade mediante escrito identificado coa referencia "Protección de datos", en que se concrete a súa solicitude, dirixido ao enderezo postal de Shine Iberia ou ao seguinte enderezo electrónico: [privacidad@banijayiberia.com](mailto:privacidad@banijayiberia.com). Se existen dúbidas sobre a identidade do solicitante, poderase solicitar documento de identificación. Igualmente, informámolo/a de que ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Non obstante, o noso compromiso co respecto á intimidade e á privacidade esixenos o máximo respecto aos seus datos persoais e á seguridade deles.

Por último, comunicámoslle que designamos un delegado de protección de datos con quen pode contactar en [privacidad@banijayiberia.com](mailto:privacidad@banijayiberia.com).

Igualmente, pregámoslle que nos comunique calquera cambio que poidan sufrir os datos facilitados, co fin de poder telos sempre actualizados.



#### **MODIFICACIÓN DE BASES E LEI APLICABLE**

A participación neste CONCURSO supón a aceptación expresa das presentes bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que destas efectúe SHINE IBERIA.

En caso de diverxencia entre o concursante e SHINE IBERIA sobre a interpretación destas bases, salvo disposición imperativa establecida pola lei en materia de competencia xurisdiccional que puidese resultar aplicable, serán competentes para os litixios que poidan proporse os xulgados e tribunais da cidade de Madrid.

#### **ATENCIÓN DE RECLAMACIONES**

Os proxenitores/titores e quen, se é o caso, garde a patria potestade sobre os menores (participantes/concursantes) poderán efectuar as súas reclamacións en relación co concurso mediante un escrito enviado a SHINE IBERIA, S.L.U., con domicilio na c/ Mira Ceti, n.º 1, 28023 Madrid.

Madrid, 17 de maio de 2024